

AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA

ASUNTO:

2ª PRORROGA DO OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA NECESARIA PARA A ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA FEIRA - MERCADO DA VILA DE PORTONOVO DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DO 2026.

En virtude das delegacións de competencias efectuada polo Consello de administración da Sociedade Mercantil Insula Sanxenxo EMVS, S.L no seu Presidente (Ente dependente do Concello de Sanxenxo) e que consta grabada en escritura pública notarial de data 15 de xaneiro do 2020 e inscrita no Rexistro Mercantil de data 13 de febreiro do 2020. Tendo en conta que no contido destas delegacións, delegase a xestión ordinaria de asuntos relativos á propia sociedade, é por iso que **ACORDO prorrogar o outorgamento da autorización administrativa** necesaria para a organización, xestión e explotación do mercado-feira de Portonovo durante a tempada de verán 2026. Tendo en conta que esta prórroga xa foi contemplada no procedemento do concurso de licitación, e previo o expediente de contratación que sí foi aprobado polo Consello de Administración, a decisión da prórroga estimase que entra dentro do ámbito da xestión ordinaria dos asuntos propios da xestión da Sociedade Mercantil Insula Sanxenxo EMVS, S.L.

Esta Presidencia está facultada para emitir, comunicar e publicar a Resolución de adxudicación en favor de **MADEIRA ARQUITECTURA Y DISEÑO, S.L**, así como para emitir, comunicar e publicar a Resolución de outorgamento da autorización administrativa da 2ª prórroga, e que se dé traslado das mesmas ó Concello de Sanxenxo ós efectos legalmente oportunos.

A autorización administrativa comprenderá en todo caso o dereito á ocupación do dominio público terrestre (na área delimitada no Anexo I das Bases do concurso e nas condición que se establecen na autorización outorgada polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra a estes efectos en data 13 de abril do 2026) e a súa explotación para a organización, xestión e desenvolvemento nesta área da Feira-Mercado de Portonovo na tempada de verán do ano 2026, e reiterase que a adxudicataria que deberá cumprir nos termos e condicións que se derivan do establecido no Prego das Bases publicadas e memoria técnica do mesmo, así como coa “modificación expresa” outorgada no 2025.

A autorización que se outorgará dende o día 19 de xuño 2026 ata o 14 de setembro do 2026. De maneira excepcional, a data de finalización poida ser ampliada á solicitude da adxudicataria por un período non superior a 5 días hábiles en base a causas técnicas vencelladas ás labores de desmontaxe.



O adxudicatario deberá aboar a INSULA SANXENXO, E.M.V.S, S.L o **canon polo cal foi adxudicado** no 2024, polo importe de **110.000 euros máis IVE**.

Asemade, o adxudicatario deberá aboar no marco desta autorización o importe do **canon fixado polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra** pola ocupación dos terreos de dominio público durante todo o período, o cal ascende a un importe total de **8.246,86 euros**

No caso de prórroga para os próximos anos, atenderase as datas fixadas na formalización da prórroga correspondente.”

É polo que, esta Presidencia, no uso das súas atribucións, **RESOLVE:**

I. OUTORGAR A PRESENTE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA DA 2ª PRORROGA a MADEIRA ARQUITECTURA Y DISEÑO, S.L, con CIF B-16867962, visto ó informe técnico favorable do proxecto e contando coa fiscalización favorable da Intervención Xeral do Concello, en base a solicitude por parte do Presidente cos criterios indicados na mesma, facendo uso das súas competencias delegadas o dar conta no próximo Consello de Administración.

A autorización administrativa comprenderá en todo caso o dereito á ocupación do dominio público terrestre (na área delimitada no Anexo I das Bases do concurso e nas condición que se establecen na autorización outorgada polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra a estes efectos en data 13 de abril do 2026) e a súa explotación para a organización, xestión e desenvolvemento nesta área da Feira-Mercado de Portonovo na tempada de verán do ano 2026, **e reiterase que a adxudicataria deberá cumprir cos termos e condicións que se derivan do establecido no Prego de Bases publicadas e memoria técnica do mesmo, así como coa “modificación expresa” outorgada no 2025.**

A autorización se outorgará **dende o día 19 de xuño 2026 ata o 14 de setembro do 2026**. De maneira excepcional, a data de remate pode ser ampliada á solicitude da adxudicataria por un período non superior a 5 días hábiles en base a causas técnicas vencelladas ás labores de desmontaxe.

O adxudicatario deberá aboar a INSULA SANXENXO, EMVS, S.L o **canon polo cal foi adxudicado** no 2024, polo importe de **110.000 euros máis IVE**.

Asemade, o adxudicatario deberá aboar no marco desta autorización o importe do **canon fixado polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra** pola ocupación dos terreos de dominio público durante todo o período, o cal ascende a un importe total de **8.246,86 euros**

No caso de prórroga para os próximos anos, atenderase as datas fixadas na formalización da prórroga correspondente.



II. NOTIFICAR A PRESENTE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA O SOLICITANTE, así como publicar a mesma na web do Concello.

En Sanxenxo, asinado electrónicamente o pe,

Presidencia de Insula Sanxenxo EMVS, S.L

Telmo Martin Gonzalez.

“A presente Resolución pon fin a vía administrativo ao amparo do disposto no artigo 114 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo que poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no prazo de un mes dende a notificación desta Resolución. Alternativamente, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte a notificación da Resolución, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa”.

